

Mostra fotográfica sobre Castelao

Carballo Calero criticou en Arcade a sentencia do Tribunal Constitucional



ARCHIVO

Ricardo Carballo Calero

ARCADE**REDACCION**

O Concello de Soutomaior ven de homenaxear o esgrevio escritor e político galeguista Alfonso R. Castelao, co gallo da celebración do centenario do seu nacemento, así como a lembrar a aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia do 1936 en plebiscito popular, data da que o pasado sábado se cumpriron os cincuenta anos. Este acto tivo lugar no Campo da Feira e na biblioteca pública municipal "Luis Seoane" de Arcade.

Os actos de lembranza do cincuentenario da aprobación do estatuto do 36 estiveron presididos polo alcalde de Soutomaior, Fernando Pereira Camaño, acompañado de outros membros da corporación, asistindo tamén aos mesmos o catedrático e escritor Ricardo Carballo Calero e o presi-

dente da Fundación Castelao, Avelino Piusa Antelo.

A Banda de Música Cultural de Arcade foi a encargada de abrir os actos cun concerto no que se interpretaron pezas da música popular galega. De seguido, as autoridades presentes procederon a inaugurar a exposición fotográfica sobre do tema "Castelao no Uruguay". Esta mostra fotográfica recolle diversos aspectos da estancia do esgrevio nacionalista naquel país sudamericano tra-lo seu exilio e as suas labours de convivencia e actividades políticas na colonia galega no Uruguay, moi numerosa pola aquela data. Nestas fotografías se recollen documentos inéditos ate agora de Castelao que adica parte das suas fotografías ao emigrante galego Manoel Meilán con quen compartiu moitas vivencias neste país. Manoel Meilán é na actualidade presidente do Patronato da Cultura Galega e director da emisión radiada "Sempre en Galiza". Esta mostra fotográfica sobre de Castelao estará aberta ate mañá sábado nas dependencias da biblioteca de Arcade.

Conferencia de Carballo Calero

O catedrático e escritor Ricardo Carballo Calero pronunciou unha conferencia, como peche destes actos na que lembrou as actividades de Castelao durante a campaña do Estatuto de Autonomía, siñificando a ilusión que naqueles tempos se estaba a dar antes da aprobación en plebiscito, por unha grande parte da sociedade galega. Segundo Carballo Calero esta ilusión se veu rota e frustrada polo golpe de estado do xeneral Franco que impidiu apostar en marcha do Estatuto.

Tivo palabras críticas tamén Carballo Calero para a decisión recente adoptada polo Tribunal Constitucional sobre do deber xurídico de coñecer o galego recollido na Lei de Normalización Lingüística. Ricardo Carballo abogou por unha total independencia da nosa comunidade en materia relacionada co idioma e a cultura e dixo que ainda hoxe todavía estaba a pervivir o centralismo descarado.